

ACTA Nº 2017/12
SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE
PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
- Casa do Concello, xoves 2 de novembro de 2017 -

No día de hoxe, ás 19:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación Municipal.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

ADELA BECERRA MAYO

ADRIAN VIDAL IGLESIAS

MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

(Auséntase da sesión ás 19:10 h)

MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

PSdeG-PSOE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

ANTONIO CASTRO CASTRO

AUSENTES:

PP

ELISA BOUZAS VICENTE

PsdeG-PSOE

MARTIN COMOJO VICENTE

SECRETARIA:

PATRICIA SANCHEZ CASTELO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da urxencia da sesión
2. Modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles
3. Modificación da Ordenanza reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público

1. APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

O alcalde dí que a urxencia da sesión ven motivada polos cumprimentos dos prazos.

Sómétese a votación a ratificación a urxencia da sesión resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

2. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, cede a palabra ao Concelleiro de Economía e Facenda Tobías Betanzos Rego que da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

O imposto sobre Bens Inmobles é un tributo local de carácter obrigatorio, regulado esencialmente nos artigos 60 a 77 do real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nas ordenanzas fiscais aprobadas polas entidades locais, naqueles aspectos que o texto legal citado permite concreción ou desenvolvemento por cada corporación, en atención ao principio de autonomía local e de acordo coas potestades regulamentaria e tributaria propias dos entes territoriais.

O IBI é un imposto de xestión compartida, pois a Catastro correspóndelle a xestión catastral, na mentres que ás entidades locais desenvolven a xestión de carácter tributaria. A Ponencia de Valores do Municipio de Rianxo aprobouse no ano 2012, como resultado dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tras 23 anos de vixencia da ponencia anterior, debido ás diferencias substanciais entre os valores catastrais que recollía a mesma e os valores de mercado. Tras ese período, dende o ano 2016 o Concello está inmerso nun proceso de regularización catastral, que ten por obxecto a detección de presupostos de feito non declarados, ou erróneos, e que rematará previsiblemente o vindeiro mes de novembro, dado por pechados os expedientes a que deu lugar, e que suporán un incremento da base liquidable do imposto para o vindeiro exercicio, o que suporá un aumento tamén da cota líquida e da recadación.

O artigo 72 do TRLFL establece, os seguintes tipos mínimos e máximos do IBI:

Natureza	Tipo de gravame mínimo	Tipo de gravame máximo
IBI rústica	0,3 %	0,9 %
IBI urbana	0,4 %	1,10%
IBI BICES	0,4 %	1,30 %

Con anterioridade á entrada en vigor da Ponencia de Valores, os tipos impositivos do IBI eran do 0,55 por cento para os inmobles de natureza urbana, do 0,40 por cento para inmobles de natureza rústica e do 1,30 por cento para inmobles de características especiais. A partires do 1 de xaneiro de 2013 os

tipos regulados na ordenanza fiscal do IBI eleváronse quedando fixados nun 0,605 por cento tanto para bens inmobles de natureza rústica como para bens inmobles de natureza urbana, permanecendo inalterado o tipo dos BICES. No exercicio 2014 e no 2015, o artigo 8 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, dispoñía literalmente o seguinte:

“1. Con efectos para los períodos impositivos que se inicien en los años 2014 y 2015, los tipos de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles de los bienes inmuebles urbanos determinados con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resultarán incrementados en los siguientes porcentajes:

a) El 10 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,6 por 100.

b) El 6 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2002 y 2004, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,5 por 100.

c) El 4 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2009 y 2012.

Lo dispuesto en el presente apartado únicamente se aplicará en los siguientes términos:

– A los inmuebles de uso no residencial, en todo caso, incluidos los inmuebles gravados con tipos diferenciados a que se refiere el artículo 72.4 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

– A la totalidad de los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002.

– A los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada en el año 2002 o en un año posterior, y que pertenezcan a la mitad con mayor valor catastral del conjunto de los inmuebles del municipio que tengan dicho uso.

2. En el supuesto de que el tipo aprobado por un municipio para 2014 o 2015 fuese inferior al aprobado para 2011, en el año en que esto ocurra se aplicará lo dispuesto en este artículo tomando como base el tipo aprobado para 2011. No obstante, cuando se trate de municipios en los que se haya aprobado una ponencia de valores total en el año 2012, se tomará como base el tipo aprobado para 2013 cuando fuera superior al aprobado para 2014 o 2015.”

A medida anterior supuxo unha suba do tipo de gravame aplicable aos inmobles de natureza urbana de uso residencial cuxo valor catastral excedese da mediana, así coma en todos os inmobles de natureza urbana de uso non residencial, que ascendeu do 0,605 por cen ao 0,6292 por cen, respectivamente.

No exercicio 2016, os tipos de gravame minoráronse ata un 0,59% para os bens de natureza rústica e urbana. E no exercicio 2017 pasaron descenderon ata o 0,57%.

A evolución dos tipos de gravame dende o exercicio 2012 ata o 2017 foi a seguinte:

Ano/Natureza do ben inmobile	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Urbana	0,55 por cento	0,605 por cento	0,605 mediana < 0,6292 mediana	0,605 mediana < 0,6292 mediana	0,59 por cento	0,57 por cento
Rústica	0,40 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento	0,59 por cento	0,57 por cento
BICES	1,30 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento

Para o exercicio 2018 non existe normativa estatal básica que impida a minoración de tipos de gravame, polo que o goberno municipal promove esta modificación normativa consistente na baixada de tipos, continuando coa senda iniciada no exercicio 2016, e na revisión da regulación da bonificación por familia numerosa.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o dictame favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: modificar o artigo 2º e 4º.3 da ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis e a disposición última, de acordo co seguinte tenor literal:

“Artigo 2º

a) Tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbeis aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,55 por cento.

b) Tipo de gravame do imposto sobre bens Inmóbeis aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,55 por cento.

c) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóbeis aplicable os bens inmóbeis de características especiais, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, do 23 decembro, Lei do catastro inmobiliario, e sitios no termo municipal de Rianxo, queda fixado no 1,3 por cento.

Artigo 4º.3

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do inmobile de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

a) Que o valor catastral do ben inmobile obxecto de bonificación, do que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta, non exceda de 125.000 €.

b) Que os ingresos brutos anuais da unidade familiar, per cápita, non exceda do 1,20 do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

O ingreso bruto anual per cápita da unidade familiar obterase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número dos seus integrantes. A estes efectos, entenderase por unidade familiar número de membros que estén incluídos no título oficial de familia numerosa.

Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude no modelo normalizado, no que

constará autorización asinada por todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos para a consulta de oficio de datos de natureza tributaria, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberá achegarse a seguinte documentación:

– Copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

Poderán ser requiridos documentos ou información adicionais, si se considera oportuno.

A bonificación concedida só producirá efectos a partir o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

Disposición Final

A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno na súa sesión do día 7 de setembro de 2004, e foi modificada polo Pleno na sesión do día de novembro de 2017, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e xurdindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2018, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.

Di que a devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 02/11/2017, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Di que o IBI é o imposto principal de ingresos do Concello. A revalorización catastral do 2013, supuxo un aumento do 13% que seguirá aumentando escaladamente ata o ano 2022. O grupo de goberno rebaixou o 2 décimas e cremos que esta medida axuda a impoñer o aumento da base imponible.

Indica que a inflación acumulouse nos últimos 10 anos aumentou un 20% ca tendencia a incrementarse nos próximos anos.

Sinala que o paro subiu un 4,8% no mes de setembro en Rianxo, cun total de 740 parados.

Polo exposto queren apuntar que de cara a vindeiras modificación deberíase facer un estudo socio-económico máis profundo das rendas dos veciños de Rianxo.

Anuncia o apoio do seu grupo á proposta .

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Di que o seu grupo tamén apoia a proposta, xa que os informes son favorables.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Di que o seu grupo apoia a proposta.

INTERVÉN O ALCALDE:

Di que se recolle o apuntado polo grupo de Rianxo en Común, de ter en conta o estudio socio-económico para ter en conta as rebaixas.

Indica que as veces isto choca cas Leis aplicadas polo Estado para poder aplicar as rebaixas. Queremos os impostos máis xustos en función da renda e ca situación económica dos cidadáns.

Sinala que o mínimo é o 0,4% e estamos aínda lonxe de acadar esta etapa. Este ano ao baixar do 0,57 ao 0,55 do coeficiente multiplicador entende que van seguir vendo o mesmo que o últimos anos. Os recibos seguen sen estar alterados. A partir do ano 2016 foise rebaixando cada ano.

Engade que haberá que estudar máis o das familiar numerosas, xa que hai poucas familias numerosas acollidas ás rebaixas.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA APLICACIÓN DE TRIBUTOS E INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, cede a palabra ao Concelleiro de Economía e Facenda Tobías Betanzos Rego que da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

O artigo 82 da Lei Xeral Tributaria prevé que se poida dispensar total ou parcialmente ao obrigado tributario da constitución de garantías nas solicitudes de aprazamento e fraccionamento cando as débedas tributarias sexan da coantía que se estableza ao efecto na normativa tributaria.

No ámbito da administración xeral do Estado a Orde HAP/347/16 veu de elevar o límite exento que pasou a ser de 30.000 €, se ben este límite non resulta de aplicación á facenda municipal, posto que o ámbito subxectivo da norma é a Axencia Estatal da Administración Tributaria fundamentalmente.

A Ordenanza fiscal reguladora da aplicación dos tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo establece ata o de agora o límite de 6.000 €, por analogía coa xa derogada Orde HAC 157/2003.

Coa fin de axilizar o procedemento de xestión dos expedientes de aprazamento e fraccionamento, así como de conferir as máximas facilidades no pago aos obrigados tributarios que estean a experimentar deficiencias transitorias de liquidez, enténdese que resulta pertinente actualizar o dito importe ata a cifra de 12.000 €.

Na proposta incorpórase ademais unha modificación consistente na adaptación á normativa vixente do articulado (art 17.8 e 19).

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: modificar o artigo 2º e 4º.3 da ordenanza fiscal reguladora da Aplicación de Tributos e Ingresos de Dereito Público do Concello de Rianxo, de acordo co seguinte tenor literal:

“Artigo 3.- Normativa aplicable.

O réxime fiscal do municipio esta regulador polas seguintes disposicións:

- a) a presente ordenanza xeral.
- b) As ordenanzas municipais reguladoras dos diferentes ingresos de dereito publico.
- c) El texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.
- d) La lei 7/1985, de abril, reguladora das bases de réxime local.
- e) O real decreto 1065/2007 de 27 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenrolo das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- f) O real decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación (en diante, o “regulamento xeral de recadación”).
- g) Real decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de réxime sancionador tributario.
- h) El Real decreto 520/2005 de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenrolo da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.
- i) La lei 39/2015, de 1 de novembro , sobre o procedemento administrativo común.
- j) As demais disposicións tributarias o xerais, concordantes e complementarias.

Artigo 17.8.- Aprazamento ou fraccionamento en período voluntario.

Non obstante o anterior, non se esixiran garantías para as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pago de débedas tributarias e de outros ingresos de dereito publico, cando o seu importe en conxunto non exceda de 12.000 euros. Para os efectos da determinación de dita coantía, se acumularán no momento da solicitude tanto as débedas as que se refira a solicitude como calquera outra do mesmo debedor para as que se tivera solicitado, e non resolto, o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe pendente de vencemento de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, salvo que estean garantidas.

Artigo 19.- órganos competentes e entidades colaboradoras.

1. A xestión recadatoria dos tributos do Concello de Rianxo levarase a cabo por:
 - a. A través das entidades bancarias colaboradoras designadas a tal fin polo Concello para cada tipo de ingreso.
 - b. Os demais órganos ou entidades publicas ou privadas debidamente autorizadas.
2. Son colaboradores do servizo de recadación, os Bancos autorizados polo Concello de Rianxo.

Os pagos de tributos e dos ingresos de dereito público deberán facerse efectivos en calquera das entidades financieras colaboradoras.”

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.”

Sendo ás 19:10 horas, auséntase da sesión a concelleira do PP María Vanesa Martínez Durán

Di que a devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 02/11/2017, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Di que o seu grupo vai votar a favor, xa que a súa modificación non prexudica en ningún caso ao Concello, xa que ten medidas de cobro especiais.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Di que o seu grupo vai apoiar a proposta xa que os informes técnicos son favorables e ven ben que se dean facilidades para pagar as débedas.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Di que o seu grupo vai aprobar a proposta.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Ás 19:15 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez